

XUNTA DE PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

A Xunta PAS Funcionario da Universidade de Vigo reuniuse, en convocatoria extraordinaria, 21 de xuño de 2023, en Sala remota,

Asisten:

Pola CIG:

Xoán M. Cebro Rodríguez
Jose Gándara Pérez
María José Ríos Santomé
Benedicta Expósito González

Por UGT:

José Manuel Sónora Abeijón
María Moreira Sendón

A reunión comeza ás 12:00 h.

Xoán Cebro desculpa a asistencia de Henrique Macías, Sofía Conde, e Raquel Iglesias que delegan nel. María Moreira desculpa a asistencia de Tita Aboal, Mónica Méndez e Susana Viña que delegan nela.

Orde do día:

Aprobación, se procede, do informe preceptivo sobre a modificación puntual da RPT.

O presidente da Xunta PAS di que se convocou esta reunión extraordinaria co fin de acordar o informe, preceptivo e non vinculante, da Xunta PAS e ao que obrigan os Estatutos da Uvigo, sobre a proposta da xerencia de modificación das adscricións e grupos así como tamén da dispoñibilidade horaria das secretarías de equipo de goberno e xerencia a nivel 22 e, sen dispoñibilidade horaria, a nivel 21, das secretaría das secretarías da Valedoría e do Consello Social. A CIG xa presentou a súa argumentación hai un ano e nas últimas reunións da Comisión unitaria polo que xa non ten nada máis que engadir polo que vota a favor do informe presentado.

No chat: María Moreira escribe que o informe de UGT é desfavorable.

O presidente da Xunta PAS di que o informe se aproba cos votos favorables da CIG e os desfavorables de UGT e que ao remate desta reunión se lle enviará a xerencia.

Sen máis asuntos que tratar, a reunión rematas ás 12:05h